

Solicitar e anular formación na Oficina Virtual de Empleo

1




Accede á **oficina virtual** co teu usuario e contrasinal.

Se non o tes ou esquechiches o teu contrasinal, podes xerar un ou resetealo empregando o enderezo electrónico asociado á túa demanda de emprego.

Tamén podes acceder con DNI-e, certificado dixital ou Mobile Connect (só Movistar).

2


Arriba á dereita atoparás tres lapelas, preme na que pon **demandantes**.



Oficina Virtual de Empleo

<https://emplego.xunta.es/ofivir>

3



No apartado **formación para o emprego** poderás consultar as accións formativas que cada día temos publicadas no Portal de Emprego de Galicia.

Podes filtrar por **situación laboral requirida**, por **tipo de formación**, **modalidade de impartición** ou buscar se os cursos teñen unha porcentaxe de **compromiso de contratación**.


Tamén podes consultar por **provincia** e/ou **localidade**.

4

Se che interesa algún curso podes solicitalo premendo en **pre-inscribirse**.

Lembra que o acceso a algún curso pode ter uns requisitos académicos mínimos. Asegúrate de que os cumpres.


Despois de solicitar o curso, é recomendable contactar coa entidade impartidora.



Oficina Virtual de Emprego

<https://emprego.xunta.es/ofivir>

5




Tamén podes anular os cursos solicitados. Deberás acceder ao apartado **cursos e especialidades solicitadas**.

Selecciona a acción formativa que queres anular e preme no botón **cancelar solicitud**.

6

No apartado **obradoiros de emprego** poderás solicitar e anular estes programas públicos de emprego e formación.



Oficina Virtual de Empleo

<https://emplego.xunta.es/ofivir>